



José Sanmartín Pérez gaña o Campionato Provincial de Ourense de San Huberto

O pasado día 13 de xullo disputábanse no Tecor da Sociedade de Cazadores de Xinzo de Limia unha nova edición do Campionato Provincial de Ourense de San Huberto.

Participaban 13 cazadores na proba, na que vencía José Sanmartín Pérez con 'Ja da Chousa' (PH); segundo era Eliseo Faraldo Fernández con 'Ario da Chousa' (PM) a 7 puntos do gañador; e terceiro era Andrés Sánchez Fernández con 'Saddam' (SIM). Os catro primeiros clasificados acuden ao Campionato Galego da modalidade.

Pos.	Participante	Can (Raza/Sexo)	Puntos
1º	José Sanmartín Pérez	Ja da Chousa (PH)	80
2º	Eliseo Faraldo Fernández	Ario da Chousa (PM)	73
3º	Andrés Sánchez Fernández	Saddam (SIM)	53
4º	José Luis Méndez Tesouro	Arco de Videsa (SIM)	41
5º	Cástor Novoa Fernández	Behr (PH)	39

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com